

Fron da

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 44

ano 7

xaneiro-febreiro 2013

Os arquivos das institucións penitenciarias (I)

Prisión Provincial **Parte Sanitario**
Estado expresivo del movimiento de enfermos en la Enfermería durante la semana en esta Prisión provincial y sus dependientes.

Prisión Provincial y Depósitos dependientes	Enfermos en la enfermería	Enfermos en la enfermería	Enfermos en la enfermería	Enfermos en la enfermería	Enfermos en la enfermería	Observaciones
Prisión Provincial de Ourense	3	0	3	0	3	Ninguno de estos enfermos es de tifus ni de viruela
Depósito de Allariz	"	"	"	"	"	
" " Bande	3	0	3	3	0	
" " Barco de Valdeorras	"	"	"	"	"	
" " Carballino	"	"	"	"	"	
" " Celanova	"	"	"	"	"	
" " Ginzo de Limia	"	"	"	"	"	
" " Puebla de Cruces	"	"	"	"	"	
" " Ribadavia	"	"	"	"	"	
" " Verín	"	"	"	"	"	
" " Viana del Valle	"	"	"	"	"	
<i>Totales</i>						

Ourense 25 de Noviembre de 1939
Jefe de la Prisión
El Subdirector auxiliar
Joaquín Rodríguez

O parte sanitario relativo ao movemento de pacientes da enfermaría da **Prisión Provincial de Ourense** que protagoniza este número de *Fron da* reflicte parcialmente a rede carceraria existente nesta provincia a finais de 1939: aparece a relación de **prisións de partidos xudiciais**, co nome de depósitos dependentes da Provincial (Allariz, Bande, O Barco de Valdeorras...), pero non se menciona a **prisión habilitada do Cumial** por tratarse dunha simple extensión daquela nin a **Prisión Central de Celanova**, xa que por ser de ámbito estatal non dependía da Provincial.

A normativa penitenciaria emitida en España durante os séculos XIX e XX estableceu distintas **clasificacións para as prisións** indicando cales eran as funcións de cada un dos tipos existentes. Como criterios de clasificación sempre se tiveron en conta o carácter preventivo ou correccional destes establecementos, así como o seu **ámbito territorial** (municipio, partido xudicial, provincia ou territorio estatal) e as variacións afectaron, sobre todo, ás prisións de ámbito estatal e en menor medida ás de ámbito provincial e de partido. Estes dous últimos tipos xa aparecían recoñecidos como tales na *Lei do 26 de xullo de 1849 do Réxime Xeral de Prisións*, se ben as primeiras co nome de prisións de Au-

diencia. O *Reglamento penitenciario de 1913* establecía catro **clases de establecementos**: prisións centrais, prisións provinciais, prisións de partido e establecementos penais; dos cales os tres primeiros aínda mantiñan ese nome no *Reglamento de 1956* -vixente ata 1981- aínda que agrupados en dous grupos: prisións preventivas (de partido e provinciais) e prisións correccionais (centrais comúns e centrais especiais).

Este documento de 1939 mostra como a Prisión Provincial desempeñaba a función de cabeza da **rede carceraria provincial**, neste caso no relativo ao servizo sanitario. O control que exercía a Provincial sobre as de partido tamén se reflicte na documentación xerada por estas, consistente na súa maioría en informes elevados á Provincial sobre o número e estado da poboación reclusa das de partido, sobre a súa administración económica ou sobre os seus edificios e mobiliario.

1939, novembro, 25. Ourense

"Estado expresivo del movimientos de enfermos en la Enfermería durante la semana en esta Prisión Provincial y sus dependientes".

Original; escritura humanística; castelán; 302 x 202 mm.

AHPou. Prisión Provincial de Ourense, C. 12896.

A pena de prisión e o sistema penitenciario español

Ata ben entrada a Idade Moderna a privación de liberdade utilizouse, en xeral, como “cárcere de custodia” para reter con carácter preventivo os reos pendentes de xuízo. Na Europa Occidental, o progresivo fortalecemento do Estado e o desenvolvemento dun **dereito penal público**, en detrimento dos poderes e a xustiza señorial, desembocou no século XIX na implantación dos **réximes liberais** que estableceron o monopolio do Estado na administración da xustiza e na aplicación das penas.


A pena **privativa de liberdade** era a que mellor respondía aos requisitos esixidos ás penas polo **ideario liberal** do XIX, herdeiro das doutrinas racionalistas e ilustradas: proporcionalidade entre delito e pena, humanidade e moderación na aplicación desta e finalidade rehabilitadora e preventiva. Por iso a privación de liberdade considerouse a pena modelo e converteuse no eixe do sistema punitivo nacido da codificación do dereito penal do século XIX, tal como se constata no primeiro **Código Penal** español (1822) e sucesivos. Esta é unha das razóns que obrigaron á creación dunha **rede carceraria** que, ademais, se adecuase á nova configuración da Administración de Xustiza do Estado Liberal e á *Ordenanza Xeral dos Presidios do Reino do 14 de abril de 1834*, primeira norma española destas características. Para iso nuns casos construíronse novos establecementos penitenciarios, e noutros aproveitáronse os edificios dos cárceres públicos do Antigo Réxime, tanto nas capitais de provincia coma nas de Partido xudicial. Estas infraestruturas foron adaptándose progresivamente ás necesidades dos novos sistemas de reclusión que se foron implantando (celular, mixto e sistemas progresivos).

Os fondos de institucións penitenciarias conservados no AHPOu

As prisións son establecementos destinados á custodia, reeducación e reinserción social de individuos afectados por penas privativas de liberdade. A súa función convérteas en **centros administrativos** que albergan comunidades humanas “illadas” nas que un grupo de individuos, máis ou menos amplo, desenvolve todas as súas actividades vitais; feito que implica a xestión dun organismo social (poboación reclusa e funcionarios) de complexo funcionamento. Todas estas actividades realízanse baixo un **réxime disciplinario** e en cumprimento dunhas sentenzas cuxa execución, encomendada a este centro administrativo, xera unha abundante e variada documentación.

Entre a documentación penitenciaria conservada no Arquivo Histórico Provincial de Ourense (AHPOu), o fondo da **Prisión Provincial**, con máis de 976 caixas e libros, é o máis voluminoso e contén valiosa e indispensable información para o completo coñecemento do sistema penitenciario da provincia de Ourense entre 1876 e 1977. Das **prisións de partido**, tamén denominados depósitos ou prisións preventivas, só se conservan 32 libros e caixas con documentos que abran-

guen do ano 1876 ao 1944. Estes establecementos dependentes da Provincial pero situados en localidades cabeza de partido xudicial que non fosen capitais de provincia serviron de prisións preventivas aínda que, eventualmente, tamén se podían cumprir nelas certas penas de arresto.



Oficio remitido polo xefe da Prisión de Partido de Allariz ao inspector provincial de Prisións o 11 de novembro de 1931. AHPOu. Prisión Provincial de Ourense, caixa 13.036.

Na turbulenta vida política da España dos séculos XIX e XX a pena de prisión converteuse en instrumento ao servizo da **violencia política do Estado**, en particular durante a Guerra Civil (1936-1939) e a ditadura do xeneral Franco. Durante a contenda, a imposibilidade do sistema carcerario para absorber o inxente número de detidos por razóns políticas obrigou a crear **prisións habilitadas**, simples depósitos ou apéndice da Provincial nos que encerrar esta poboación reclusa. Por iso entre a documentación desta prisión inclúese a das habilitadas de **Celanova** (1936-1938) e **O Cumial**, creada en 1938 nas dependencias do cuartel militar alí existente.

En maio de 1938 a de Celanova converteuse en **Prisión Central**, e polo tanto independente da Provincial, co fin de recluír presos políticos, se ben tamén albergou presos comúns. Os seus documentos suman 72 caixas e libros e constitúen un fondo autónomo con datas extremas entre 1938 e 1942, ano en que foi clausurada. Tamén se conservan 20 caixas e libros procedentes dos **destacamentos penais de Casaio** (1942-1947) e **Ribas de Sil** (1952-1964) nos que unha parte da poboación reclusa redimiu as súas penas a través do traballo en explotacións mineiras.